

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/07

CARÁCTER: EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 23 de outubro de 2018.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as 20,38 horas do día **23 de outubro de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-EXPEDIENTE NÚM. 2551/2018 RELATIVO Á ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ESTANCIA NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE RIBADEO.DACIÓN DE CONTA.

Por Secretaría dáse conta do ditame da Comisión Informativa de 18/10/2018 no que se puxo de manifesto que non houbo reclamacións ou alegacións durante o período de exposición pública polo que se trata dunha dación de conta ao se ter por aprobado definitivamente o texto da Ordenanza que foi aprobada provisionalmente e que de seguido se transcribe:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBADEO

Artigo 1.- Concepto

O Concello de Ribadeo no exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ao abeiro do disposto polo artigo 148 en relación co 41, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en diante TRLFL), establece o prezo público polos servizos de asistencia e estancia no Servizo de Atención Residencial do Centro de Atención a Maiores do Concello de Ribadeo, que se rexerá polas disposicións da presente ordenanza.

Artigo 2.- Obrigado/a ao pagamento

A participación da persoa usuaria no custo dos servizos terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na presente Ordenanza, así como no establecido polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Estará obrigada a persoa usuaria ao pagamento dos prezos públicos regulados na presente, as persoas físicas que utilicen ou se beneficien dos servizos e actividades prestadas ou realizadas no Servizo de Atención Residencial no Centro de Atención a Maiores de Ribadeo, cando sexa de tracto sucesivo con execución continuada ou periódica e en todo caso, dende a data da ocupación efectiva da praza ou momento de inicio da súa prestación, ou do día en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia dunha baixa xustificada e exenta de pagamento ou momento do inicio da súa prestación da persoa usuaria

Nos supostos de persoas con modificación da capacidade de obrar, declarada por sentenza xudicial, o/a obrigado/a ao pagamento será o/a titora, ou representante legal, que efectúese a solicitude de ingreso, á cal deberá achegar a resolución xudicial, tanto do nomeamento da

persoa titora ou representante como da autorización xudicial de ingreso.

Artigo 3.- Contía dos servizos.

Defínense como servizos básicos os que a continuación se relacionan: aloxamento; manutención e dietas; limpeza e mantemento das instalacións; lavandería e xestión da roupa; servizos de valoración, seguimento, avaliación; apoio nas actividades da vida diaria; atención sanitaria preventiva; rehabilitación funcional; estimulación cognitiva; ou calquera outro que estableza a ordenanza de acceso. Consideraranse como servizos opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean considerados como básicos.

1. As persoas usuarias dos servizos ao abeiro da modalidade excepcional segundo establece a ordenanza de acceso ao servizo, achegarán o importe total do custe de referencia do mesmo, é dicir, o custe do servizo prestado tendo en conta a duración.

2. Para os servizos opcionais ou complementarios terase en conta o establecido na disposición adicional da presente ordenanza.

3. Os parámetros ou variables económico-sociais a aplicar en orde a determinación e liquidación do prezo público para os servizos básicos na modalidade ordinaria son:

a. Custe de referencia do servizo de atención residencial, que será o determinado na memoria económico-financeira. Na actualidade este custe está establecido en **1.390,00€** para persoas que acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice de Barthel e **1.080,00€** para as persoas que non acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice mencionado. Estas contías revisaranse anualmente.

b. Así mesmo, para os servizos básicos na modalidade de acceso ordinaria regulada na oportuna ordenanza de acceso ao mesmo, terase en conta:

i. A capacidade económica mensual en relación ao valor do IPREM establecido para cada anualidade

ii. O establecido na táboa de Servizo de Atención Residencial (recollida no apartado 4 do presente artigo)

iii. O mínimo vital.

c. Non obstante terase en conta o recollido no artigo 44.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo.

4. Determinación da participación económica para os servizos básicos na modalidade ordinaria en función da capacidade económica: Prezo Público.

As persoas usuarias dos servizos básicos ao abeiro da modalidade ordinaria segundo establece a ordenanza de acceso ao servizo, participarán no financiamento do mesmo de acordo a súa capacidade económica mensual.

A participación da persoa usuaria calcularase multiplicando a súa capacidade económica mensual pola porcentaxe que lle corresponda segundo a "Táboa Servizo de Atención Residencial". Para determinar a porcentaxe a aplicar, deberase calcular a proporción da súa capacidade económica mensual respecto ao IPREM. A porcentaxe resultante establecerá o tramo da Táboa Servizo de Atención Residencial" a aplicar.

PU = CEM x porcentaxe “Táboa Servizo de Atención Residencial”

Unha vez obtida a contía, respectarase o mínimo vital, calculados segundo o establecido no artigo 5, que lle corresponda, e terase en conta os límites de participación no financiamento, dando finalmente o prezo público a aboar pola persoa usuaria.

Táboa de servizo de Atención Residencial		
% da Cem respecto do IPREM, ATA	PERSOAS CON AUTONOMÍA	PERSOAS DEPENDENTES
	% sobre Cem	% sobre Cem
75,00 %	69,50 %	73,45 %
82,50 %	70,13 %	73,97 %
90,75 %	70,82 %	74,54 %
99,83 %	71,58 %	75,17 %
109,81 %	72,42 %	75,87 %
120,79 %	73,34 %	76,63 %
132,87 %	74,36 %	77,47 %
146,15 %	75,47 %	78,39 %
160,77 %	76,70 %	79,41 %
176,85 %	78,05 %	80,52 %
194,53 %	79,53 %	81,75 %
213,98 %	81,16 %	83,10 %
235,38 %	82,96 %	84,59 %
258,92 %	84,94 %	86,22 %
284,81 %	87,11 %	88,03 %
≥309,81 %	89,50 %	90,00 %

Artigo 4. Determinación de capacidade económica.

4.1. Regras para a determinación da capacidade económica para os servizos prestados na modalidade ordinaria.

A capacidade económica da persoa usuaria aos efectos desta Ordenanza será a resultante da suma de todos os ingresos en cómputo anual (Iga) máis a capacidade patrimonial (Cp). A Capacidade Patrimonial calcularase en función do patrimonio a imputar, multiplicado polo coeficiente que lle corresponda na "Táboa de patrimonio progresiva".

A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

$$Ce = (Iga + Cp)$$

$$Cem = Ce/12$$

TÁBOA DE PATRIMONIO PROGRESIVA	
PATRIMONIO ATA	COEFICIENTE PATRIMONIO PROGRESIVO
10.000,00 €	0,050
20.000,00 €	0,060
30.000,00 €	0,070
40.000,00 €	0,080
50.000,00 €	0,090
60.000,00 €	0,100
70.000,00 €	0,110
80.000,00 €	0,120
90.000,00 €	0,130
≥100.000,00 €	0,140

O período para computar a determinación da capacidade económica será o último exercicio fiscal pechado. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións públicas o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.

4.2. Normas de valoración para o cálculo da capacidade económica.

a. Ingresos: *Considéranse a totalidade dos ingresos calquera que sexa a fonte de procedencia, derivados directa ou indirectamente do traballo persoal, dos bens e dereitos integrantes do seu patrimonio, das pensións e/ou prestacións, e do exercicio de actividades económicas, así como os que se obteñan como consecuencia dunha alteración na composición do patrimonio.*

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra la violencia de xénero.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

b. Bens patrimoniais: *Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder, depósitos ou imposicións bancarias, contas correntes ou de aforro, fondos de inversión ou instrumentos similares de colocación de efectivo. Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo, ademais dos relativos a colocación de efectivo, os bens mobles ou inmoables sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión ou calquera outro de análoga natureza. Para a tradución económica destes inmoables atenderase ao seu valor catastral.*

A vivenda habitual computarse polo valor catastral no exercicio que se toma como referencia para o cálculo da capacidade económica da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado. Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.

Para os efectos da valoración de patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e con modificación da capacidade de obrar regulado no Código Civil, Lei de axuízamento civil e na normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.

En todo caso, computaranse as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuíto, a favor do cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4.3. Procedemento para a actualización ou modificación da capacidade económica os servizos na modalidade ordinaria.

a) Como prazo máximo, no terceiro trimestre de cada ano, a persoa responsable do centro, procederá de oficio a revisar a capacidade económica de cada usuario/a, tomando en consideración os datos económicos subministrados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e outros Organismos Públicos, relativa ó último exercicio dispoñible. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións públicas o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao ano en curso. En todo caso a nova participación, aplicarase a 1 de xullo do mesmo.

b) Independentemente do reflectido no apartado anterior, calquera alteración substancial da capacidade económica da persoa beneficiaria derivada da modificación das prestacións periódicas que perciba, determinará unha revisión da mesma e da aportación para o pago dos servizos con efectos a partir do primeiro día do mes seguinte da revisión. A tal efecto, a persoa beneficiaria deberá comunicar ditos cambios a persoa responsable do centro, nun prazo máximo de 10 días a partir do momento no que se produzan. Procederase a establecer unha nova capacidade económica persoal estimada para o exercicio de referencia, para o que se tomará como ingresos por prestacións os que recibise a persoa interesada tendo en conta as novas contías, aplicando as normas xerais vixentes sobre revalorización de prestacións. Dita contía sumarase as rendas individuais doutra natureza, acreditadas para dito exercicio, así como o valor patrimonial computable segundo os criterios establecidos con anterioridade.

c) Unha vez realizada a nova valoración da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo, produto da súa modificación, o órgano competente que ditou a resolución de acceso ao servizo, ditará resolución de revisión da nova capacidade económica e por ende da participación no custo do servizo, producindo efectos, desde a súa notificación e dando lugar a un novo prezo público para a persoa usuaria.

Artigo 5. Mínimos vitais

Con independencia do importe a aboar polo custo dos servizos básicos na modalidade ordinaria, derivada da capacidade económica da persoa usuaria, garantirase unha contía mínima para gastos persoais que quedarán integramente á disposición do seu perceptor/a calculada en función dos seus ingresos e determinada segundo as seguintes consideracións:

1. **Mínimo Vital de Ingresos, Mvi** : calcularase en función da doceava parte dos ingresos anuais derivados da principal pensión ou prestación periódica (**Ppa**), multiplicado polo coeficiente que lle corresponda segundo a "Táboa Mínimos Vitais Progresivos Residencia". Terase en conta que a prestación principal mensual, **Ppm** será o importe da pensión ou prestación principal en computo anual dividido entre 12.

$$Ppm = Ppa / 12.$$

$$Mvi = (Ppm \times \text{coeficiente progresivo mínimo vital})$$

TÁBOA MÍNIMOS VITAIS PROGRESIVA RESIDENCIA			
ATA	INGRESOS	COEFICIENTE	PROGRESIVO

LÍQUIDOS mensuais	MÍNIMO VITAL
431,55 €	0,250
500,00 €	0,240
600,00 €	0,220
700,00 €	0,190
800,00 €	0,170
900,00 €	0,160
1.000,00 €	0,150
1.100,00 €	0,150
1.200,00 €	0,150
1.300,00 €	0,150
1.400,00 €	0,140
1.500,00 €	0,140
1.600,00 €	0,140
1.700,00 €	0,140
1.800,00 €	0,135
1.900,00 €	0,135
2.000,00 €	0,135
2.100,00 €	0,135
2.200,00 €	0,130
2.300,00 €	0,130
2.400,00 €	0,130
≥ 2.500,00 €	0,130

2. O mínimo vital de Ingresos Mvi, minorarase pola Capacidade Patrimonial Mensual (Cpm), dando lugar ao Mínimo vital de capacidade patrimonial Mvcp. A capacidade patrimonial

mensual, será o resultado de multiplicar o patrimonio (P) a imputar polo coeficiente que lle corresponda na “Táboa de patrimonio progresiva” (Artigo 4.1.) e dividido entre doce.

$Cpm = P \times \text{coeficiente progresivo patrimonio} / 12$
 $Mvcp = Mvi - Cpm$

3. En calquera caso, garantírase á persoa usuaria unha dispoñibilidade mínima equivalente ao 20% do IPREM mensual. Este mínimo incrementarase ata un máximo do 26% do IPREM para as persoas menores de 65 anos e que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% segundo o certificado de discapacidade emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (en diante, EVO) correspondente, en concepto de custos adicionais asociados á discapacidade.

Sempre que a persoa usuaria obtivese ingresos iguais ou superiores ao importe íntegro da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva, previsto nas leis de orzamentos do Estado, garantiráselle a contía correspondente á mensuralidade da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva (excluíndo as pagas extras), cando o seu cónxuxe, ou persoa con relación análoga a conxugal, permanecese na súa vivenda habitual e acredítase non dispoñer de recursos económicos superiores á citada contía. No suposto anterior, o cónxuxe ou persoa con análoga relación, deberá iniciar aqueles trámites que lle permitan dispoñer de ingresos periódicos para a cobertura das súas necesidades, realizando os mesmos nun prazo máximo de 10 días posteriores á ocupación efectiva da praza pola persoa usuaria no servizo. Unha vez que o cónxuxe, ou relación análoga, reciba resolución favorable de concesión de pensión ou prestación, revisárase a participación económica da persoa usuaria, tendo efectos económicos dende a data da resolución da dita pensión ou prestación.

Artigo 6.- Normas de xestión

1. O procedemento para o acceso aos servizos e a determinación da capacidade económica en cada momento será o establecido na correspondente **“Ordenanza para o acceso ao Servizo de atención residencial e Servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo”**, e a presente ordenanza. Do mesmo xeito os servizos a prestar, dereitos e deberes dos usuarios/as serán os recollidos nos Regulamentos de Réxime Interno dos Servizos do Centro.
2. A obriga de pagamento nace dende que se inicia a prestación do servizo, é dicir, o día da ocupación efectiva da praza por parte da persoa usuaria, ou do día en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia dunha baixa xustificada e exenta de pagamento.
3. O prezo do primeiro mes será liquidado por días cando a alta non se produza o primeiro día do mes.
4. No momento da perda da condición de persoa beneficiaria do servizo, realizarase a liquidación definitiva pola diferenza entre os pagos efectuados mediante liquidacións, básicas ou complementarias, e a suma das achegas económicas esixibles durante o período que estivo gozando dos servizos.
5. No suposto de suspensión temporal dos servizos, terase en conta o seguinte:
 - a. Ausencias motivadas por unha convivencia familiar, así como as que se entendan vencelladas a un período vacacional ou de descanso, que terán como máximo unha duración de 30 días naturais continuados ao ano, ou dous períodos de 15 días continuados ao ano. Estas ausencias non reivindicarán na obriga de pago en concepto de reserva de praza, sempre e cando se comunique con antelación por parte da persoa beneficiaria esta ausencia nun período mínimo de 7 días naturais. No caso de non comunicarse a ausencia no período indicado, poderán participar no custo do servizo nun 100% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.
 - b. Ausencias puntuais non planificadas, derivadas de procesos de hospitalización ou outras

situacións de causa maior que se poidan acreditar documentalmente. Neste caso, as persoas que se atopen nesta situación, non participarán no custo do servizo ata un máximo de 10 días naturais continuados. A partir dos mesmos, poderán participar, a criterio técnico, no custo do servizo nun 40% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

- c. *Outras ausencias.* As persoas usuarias que se ausenten do servizo por outros motivos distintos aos indicados anteriormente, participarán no custo do servizo nun 100% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

Artigo 7.- Pagamento do prezo público

1. A recadación da achega económica mensual para a modalidade ordinaria realizarase mediante a domiciliación nunha conta corrente de titularidade da persoa obrigada ao pago que se atope aberta nunha entidade de crédito, por meses vencidos, e dentro dos primeiros 10 días naturais dende a data da emisión da correspondente liquidación. O pago entenderase realizado na data do cargo en conta das devanditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para ese efecto expida a entidade de crédito.

2. No suposto de devolución do recibo á entidade emisora, a Administración practicará a correspondente liquidación da débeda co contido que determina o artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que será notificada nos termos establecidos na Sección 3.^a do Capítulo II do Título III da devandita Lei.

3. Expedirase polo Concello a correspondente liquidación na que se expresarán separadamente cada un dos conceptos liquidados, reflectindo cando menos:

- Identificación da administración que presta o servizo.
- Identificación da persoa usuaria.
- Natureza do ingreso e normativa de aplicación.
- Elementos que configuran a débeda e cantidade que se debe ingresar.
- A circunstancia de actualización do importe indicarse o motivo, método ou forma de actualización, e a data en que terá efectos.
- Forma, lugar e prazos nos que deberá facerse efectivo o ingreso económico, no caso de non estar domiciliado.
- Os medios de impugnación que proceda, indicando os prazos e os órganos ante os que se deben interpoñer.

4. As persoas usuarias na modalidade excepcional obrigadas ao pagamento, poderán domiciliar os pagamentos correspondentes ou realizar o ingreso na conta que conste no recibo de liquidación.

Artigo 8.- Devolución de ingresos

Cando por causas non imputables a persoa obrigada ao pagamento do prezo público non se preste o servizo ou realice a actividade, procederase á devolución do importe correspondente.

Artigo 9.- Procedemento de constrinximento

As débedas por estes prezos públicos non satisfeitas en período voluntario esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición adicional

Consideraranse como opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean

considerados como servizos básicos na ordenanza de acceso. No caso de que se presten polo centro, estes servizos serán a cargo da persoa usuaria e serán liquidados adicionalmente, segundo a relación de prezos que se exporá para o coñecemento público no taboleiro do Centro.

As persoas usuarias asumirán o 100% do custo destes servizos opcionais ou complementarios que o centro poderá ofertar e que voluntariamente se contraten por parte das persoas usuarias. Non obstante, terase en conta para casos excepcionais o recollido no artigo 44.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda quedar enterada de todo o anterior.

2.- EXPEDIENTE NUM. 2552/2018 RELATIVO AO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de data 18/10/2018 que se transcribe:

“ DITAME: Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“ PROPOSTA

Visto expediente tramitado para aprobacion do Regulamento de réxime interno do Centro de Atención a Persoas maiores (CAM) de Ribadeo.

Vista aprobacion inicial que se produciu por anterior acordo plenario de 23 de agosto de 2018.

Vistas alegacións formuladas durante o período de exposición pública así como o informe emitidom polo Traballador social sobre este asunto, que obra no expediente.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º.- Rexeitar, neste intre, as alegacións formuladas ao documento de aprobación provisional do Regulamento de Réxime Interno do Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo na consideración de que ao se tratar dun Regulamento con carácter xeneralista para implantar e executar un sistema de servizos sociais en diferentes centros de atención a persoas maiores da provincia conforme ao convenio interadministrativo aprobado coa Deputación Provincial convén manter criterios e opcións harmonizadas co resto de Centros.

2º.Prestar aprobación definitiva ao Regulamento de referencia procedendo á súa exposición pública aos efectos legais correspondentes.

3º.-Adquirir o compromiso de elevar as seguintes propostas á COMISIÓN ESPECÍFICA DE SEGUIMIENTO DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO, conforme aos criterios manifestados polo Traballador Social no seu informe, segundo se sinala a continuación e sen prexuízo de calquera outra que en dita Comisión se considere procedente tratar:

1.- Aceptar as alegacións numeradas cos puntos 3, 4, 8 e 11

No punto 3 . Paréceme importante contar cun Consello da Residencia. Non obstante debemos de ter en conta que se trata de por en funcionamento un centro residencial partindo de cero. Isto supón un importantísimo desafío. Novos traballadores, nova xestión, novo edificio, novos residentes, dúas administracións ... Todo isto por sí só xa vai a supoñer ter que sortear moitos obstáculos. Incorporar, desde o principio un novo axente sería engadir máis dificultades.

Por outra banda cando o centro esté funcionando, os traballadores, os residentes, as familias, a empresa ou empresas, se coñezan sería o momento idóneo para que entre en escea este tipo de organo. Propoño, polo tanto, que nun prazo de dous anos, se cree o Consello da residencia.

No punto 4 propoño que se harmonicen as ordenanzas correspondentes ós servizos de atención de Ribadeo, na medida do posible, dadas as especiais circunstancias dos outros dous servizos. Non obstante isto non suporá variación algunha na presente Ordenanza de acceso.

No punto 8 Propoño incorporar á redacción da Ordenanza o seguinte texto : A persoa que non supere o período de adaptación non poderá presentar outra nova solicitude nun prazo de dous anos.

Con respecto ó punto 11 propoño aceptar a alegación e unificar a denominación do centro en tódolos documentos.

2.- Aceptar parcialmente as alegacións correspondentes ó punto 2 no relativo a participación dos familiares e residentes nos cambios que se poidan producir , no futuro no Regulamento de réxime interno, a través d Consello da Residencia. No resto estamos ó que xa dicimos na resposta a ese punto.

4º Facultar á Alcaldía-Presidencia para realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Tras deliberación, a Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG,PP e C’ds) e unha abstención da membro do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente esta proposta modificando o apartado 3º no senso de que a Comisión para o tratamento deste asunto non é a que figura na proposta senon a que consta no Convenio Marco concretamente a Comisión de Seguimento xeral.”

Intervén a concelleira do Grupo Municipal Socialista Sra.González Ginzo que sinala que as alegacións que se formularon durante o período de exposición parece que son aceptadas pero en diferido pero que hai certas cuestións que, ao seu xuízo, non se deben dilatar ou aprazar polo que entende que deberían examinarse e resolverse agora.

O Concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr. López Penabad intervén e manifesta que cre que en todo caso hai un compromiso para atender esas alegacións a lo menos en parte e que hai unha Comisión na que están representados os actores mais importantes polo que o voto do seu grupo vai ser afirmativo.

Intervén o sr.Alcalde, manifesta que suscribe integramente todo o dito polo portavoz do Grupo Popular, que están en sintonía coa Deputación Provincial e que iso leva a unha homoxeneización nos textos cos outros concellos pero que existe ese compromiso de levar á primeira reunión da Comisión polo que pensa que na votación non debería romperse a unanimidade como se mantivo ata o de agora.

A Concelleira Dona Aurora González Ginzo manifesta que, en todo caso, as cuestións que ela refire son para defender exclusivamente no concello de Ribadeo e non teñen porqué afectar ao resto

Entáblase debate entre a concelleira e o Sr.Alcalde que lle manifesta novamente a concelleira a petición de manter unha unanimidade neste asunto como en todo que poida afectar ao Centro de maiores con beneficio para Ribadeo.

Rematada a deliberación sométese a votación o ditame que resulta aprobado por unanimidade de todos os membros da Corporación nos seus propios termos.

3.-EXPEDIENTE NÚM 2553/2018 RELATIVO AO REGULAMENTO DE ACCESO AO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE RIBADEO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de data 18/10/2018 que se transcribe:

DITAME:Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA

Visto expediente tramitado para aprobación do Regulamento de Acceso ao Centro de Atención a Persoas maiores (CAM) de Ribadeo.

Vista aprobación inicial que se produciu por anterior acordo plenario de 23 de agosto de 2018. Vistas alegacións formuladas durante o período de exposición pública así como o informe emitido polo Traballador social sobre este asunto, que obra no expediente. Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º.- Rexeitar, neste intre, as alegacións formuladas ao documento de aprobación provisional do Regulamento de Acceso ao Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo na consideración de que ao se tratar dun Regulamento con carácter xeneralista para implantar e executar un sistema de servizos sociais en diferentes centros de atención a persoas maiores da provincia conforme ao convenio interadministrativo aprobado coa Deputación Provincial convén manter criterios e opcións harmonizadas co resto de Centros.

2º. Prestar aprobación definitiva ao Regulamento de referencia procedendo á súa exposición pública aos efectos legais procedentes.

3º.- Adquirir o compromiso de elevar as seguintes propostas á COMISIÓN ESPECÍFICA DE SEGUIMIENTO DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO, conforme aos criterios manifestados polo Traballador Social no seu informe, segundo se sinala a continuación e senprexuízo de calquera outra que en dita Comisión se considere procedente tratar:

1.- Aceptar as alegacións numeradas cos puntos 3, 4, 8 e 11

No punto 3. Paréceme importante contar cun Consello da Residencia. Non obstante debemos de ter en conta que se trata de por en funcionamento un centro residencial partindo de cero. Isto supón un importantísimo desafío. Novos traballadores, nova xestión, novo edificio, novos residentes, dúas administracións ... Todo isto por sí só xa vai a supoñer ter que sortear moitos

obstáculos. Incorporar, desde o principio un novo axente sería engadir máis dificultades. Por outra banda cando o centro esté funcionando, os traballadores, os residentes, as familias, a empresa ou empresas, se coñezan sería o momento idóneo para que entre en escea este tipo de organo. Propoño, polo tanto, que nun prazo de dous anos, se cree o Consello da residencia.

No punto 4 propoño que se harmonicen as ordenanzas correspondentes ós servizos de atención de Ribadeo, na medida do posible, dadas as especiais circunstancias dos outros dous servizos. Non obstante isto non suporá variación algunha na presente Ordenanza de acceso.

No punto 8 Propoño incorporar á redacción da Ordenanza o seguinte texto : A persoa que non supere o período de adaptación non poderá presentar outra nova solicitude nun prazo de dous anos.

Con respecto ó punto 11 propoño aceptar a alegación e unificar a denominación do centro en tódolos documentos.

2.- Aceptar parcialmente as alegacións correspondentes ó punto 2 no relativo a participación dos familiares e residentes nos cambios que se poidan producir , no futuro no Regulamento de réxime interno, a través d Consello da Residencia. No resto estamos ó que xa dicimos na resposta a ese punto.

4º Facultar á Alcaldía-Presidencia para realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Tras deliberación, a Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG,PP e C´ds) e unha abstención da membro do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente esta proposta modificando o apartado 3º no senso de que a Comisión para o tratamento deste asunto non é a que figura na proposta senon a que consta no Convenio Marco concretamente a Comisión de Seguimento xeral.”

Sometido a votación o ditame que resulta aprobado por unanimidade de todos os membros da Corporación nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE NÚM. 1079/2018 RELATIVO AO CONVENIO ESPECÍFICO DEFINITIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E ESTE CONCELLO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 18/10/2018 que se transcribe:

“DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

PROPOSTA

Visto expediente relativo á aprobación de convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo (CAM), no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, cuxo texto obra no expediente.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención que tamén constan no procedemento.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º Prestar aprobación ao Convenio de referencia cuxo texto se une como anexo.

2º Facultar á Alcaldía-Presidencia para realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE RIBADEO, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

APROBADO POR ACORDO DE EN SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO DENA DATA DE
APROBADO POR ACORDO DE EN SESIÓN CELEBRADA POLA DEPUTACIÓN DE LUGO.....NA DATA DE.....

En Lugo, de de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Ribadeo, don Fernando Suárez Barcia, con D.N.I. 7759115G, que actúa en nome e representación do Concello de Ribadeo, con CIF: P-2705100-B e sede social en Praza de España 1, Ribadeo CP 27700, da provincia de Lugo, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, don Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, que actúa en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don, como Secretario da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ante don, como Secretario do Concello de Ribadeo, en exercicio das funcións que ten atribuídas.

Ambas partes recoñécense, mutuamente, a capacidade xurídica e representación necesarias para subscribir este convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Na data de 20 de xuño de 2018, logo da pertinente tramitación administrativa, subscribiuse Convenio marco interadministrativo de cooperación entre o Concello de Ribadeo e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores.

SEGUNDO.- Entre as obrigas asumidas por cada unha das partes, a efectos deste convenio específico, cabe salientar as seguintes:

2.1. A Deputación, entre outras:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

2.2. O Concello de Ribadeo, entre outras:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.
- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con

prestacións directas ás persoas.

- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do centro.

TERCEIRO.- As cláusulas adicionais do Convenio marco determinan a tramitación do correspondente convenio específico con estes parámetros:

- O Convenio marco complementarase, respectando o seu contido, con convenios específicos con cada Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar.
- O Convenio específico pode aplicar e mellorar as determinacións do Convenio marco, pero non as poderá empeorar e debe garantir que se mantén o principio de igualdade entre as partes que interveñen, a homoxeneidade nas prestacións, na súa calidade, nas condicións de acceso ou nos prezos a pagar, entre outros. Esta previsión, en relación cos restantes Concellos que participan neste sistema de prestación compartida, vía cooperación interadministrativa.
- O Convenio específico deberá tramitarse e someterse á aprobación dos órganos competentes no prazo máximo de un mes desde a fixación do réxime xurídico aplicable aos servizos e a aprobación definitiva dos regulamentos dos centros e residencias e os prezos públicos a aplicar. Por eficacia administrativa, poderá aprobarse polo Concello ao tempo de establecerse definitivamente o réxime xurídico, consonte ao previsto na cláusula seguinte.

CUARTO.- O Concello de Ribadeo, en cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 23 de agosto de 2018:

- A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo.
 - O Regulamento de acceso ao Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo.
 - A Ordenanza reguladora do prezo público pola estancia no Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo.
 - O Regulamento de Réxime interno do Centro de atención a maiores de Ribadeo.
- A implantación do servizo e a súa regulamentación elévase a definitiva en sesión de

QUINTO.- Situación administrativa das autorizacións para o inicio da actividade e a prestación do servizo:

- Concedeuse autorización administrativa pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante Resolución de data 24 de xaneiro de 2014, para a creación/construción dun centro de servizos sociais "residencia para persoas maiores de Ribadeo".
- Solicitárase conxuntamente, pola Deputación e o Concello, a autorización administrativa sectorial da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, consonte ao establecido no artigo 68 da Lei 13/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime xurídico do rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.
- A autorización do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Sanitarios (REGASA) e rexistro sanitario, deberán ser solicitadas pola Deputación de Lugo como órgano xestor dos servizos e se esixirán, no seu caso, ás empresas que presten servizos no Centro.

SEXTO.- O Concello de Ribadeo é titular do inmovible emprazado nas parcelas coas referencias 7525003PJ5272N0001DO, 7525003PJ5272N0001XO e 7525003PJ5272N0001IO, inscrito no Inventario municipal por Resolución de Alcaldía de 10 de marzo de 2018 coa cualificación de ben de servizo público.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FIN DESTE CONVENIO ESPECÍFICO.

Este convenio ten por obxecto desenvolver o Convenio marco interadministrativo de cooperación suscrito co Concello de Ribadeo, consonte ao precisado nas súas cláusulas adicionais.

As competencias, en virtude das que actúa cada unha das administracións que interveñen, concrétnanse no convenio marco, ao que este convenio específico desenvolve.

SEGUNDA.- ÁMBITO TERRITORIAL.

O ámbito territorial de prestación dos servizos no centro de atención a maiores será o municipio de Ribadeo, con posibilidade de estendelo a outros municipios da provincia, con preferencia, por razóns de arraigo familiar, social e proximidade xeográfica nos Concellos limítrofes. A estes efectos, aplicarase o establecido na respectiva Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial no Centro de atención a persoas maiores do Concello de Ribadeo.

TERCEIRA.- PERSOAL NECESARIO PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

De conformidade coa lexislación sectorial de servizos sociais, estarase ao establecido no anexo I (requisitos específicos dos centros de atención a persoas maiores), da Orde de 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

3.1. O Centro deberá contar coa figura dun RESPONSABLE-DIRECTOR/A.

O responsable-director/a do Centro será nomeado entre o persoal propio da Deputación integrante do equipo interdisciplinar con cualificación suficiente e terá dedicación a xornada completa. Deberá traballar de maneira coordinada cos servizos sociais comunitarios do Concello e da Deputación de Lugo, facilitando en todo momento información sobre o funcionamento do centro e das persoas usuarias que del participen.

Este responsable contará co apoio dun traballador/a con funcións administrativas, preferentemente a xornada completa.

3.2 A citada Orde establece as ratios mínimas de persoal en atención directa tanto para o servizo de atención residencial como para o servizo de atención diúrna.

Os centros residenciais con menos de 40 usuarios en módulo de dependencia contarán con médico e ATS localizados, para o cal se terá en conta o servizo de atención primaria sanitaria do SERGAS, en concreto o punto de atención continuada sito no municipio.

A ratio mínima de persoal de atención directa para estes centros residenciais, en réxime de xornada completa, será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para o cálculo das ratios téñense en conta o persoal médico, ATS/DUE, auxiliar de clínica, xerocultor/a, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, técnico en animación sociocultural, educador/a social, traballador/a social, psicólogo/a, psicopedagogo/a, psicomotricista, logopeda, psiquiatra e técnico de integración social, así como calquera outro que estableza a normativa en cada momento.

Así mesmo, o centro de día deberá cumprir cunha ratio de persoal de atención directa en réxime continuado de 1 por cada 10 usuarios, cun mínimo de dous traballadores, garantíndose, ademais, sempre que sexa necesario, a asistencia de médico, axudante técnico sanitario ou diplomado universitario en enfermería, fisioterapeuta e psicólogo.

A Deputación de Lugo proporcionará, como persoal propio desta administración provincial, sempre que a normativa vixente así o permita, persoal de psicoloxía, enfermería, fisioterapia, traballo social, terapia ocupacional, inicialmente. Estes perfís poderanse incrementar se así se considerara necesario e sempre que a normativa vixente o permitise. Este equipo interdisciplinar terá unha dedicación do 33%, podendo variar en función das necesidades do centro e das persoas usuarias do mesmo, agás que un dos traballadores cualificados se designe como responsable do centro, cuxa dedicación a este será do 100% da súa xornada.

No caso de que a normativa non permitise a dotación de tódolos traballadores nomeados como persoal propio, en todo caso os perfís mínimos citados cubriranse a través de

contratos administrativos de servizos, nos mesmos termos que o sinalado nos parágrafos seguintes.

A atención directa por profesionais xerocultores ou equivalente, co seu responsable, será contratada pola Deputación de Lugo mediante un contrato administrativo de servizos, nos termos dos respectivos pregos de condicións, xa que o volume de contratación de persoal que elo implica non se pode executar coa normativa actualmente vixente en materia orzamentaria e aplicable ás administracións públicas.

3.3. O persoal de cociña, limpeza e lavandería, cubrirase mediante o contrato administrativo de servizos, que será licitado pola Deputación de Lugo, como consecuencia das limitacións orzamentarias previstas no apartado precedente.

3.4. En relación ao mantemento do centro, estableceranse dous niveis:

- Actuacións establecidas como de baixa incidencia (arranxos ou actuacións de mantemento do edificio que teñan sinxeleza técnica e escasa entidade construtiva ou económica, a título de exemplo, un goteo dunha billa, substitución de bombillas, e outras actuacións ou tarefas sinxelas que non requiran especial cualificación e non superen a cifra de 500 euros por actuación: O Concello será o competente para realizalas, ben a través de persoal propio, ben a través de servizos externos, obrigándose a determinar unha persoa de contacto do seu cadro de persoal, encargada de atender as solicitudes do Centro.

- Resto de intervencións: a Deputación de Lugo contará con persoal cualificado no seu cadro de persoal para levar a cabo as actuacións que non sexan executadas polo Concello, establecéndose, inicialmente, un arquitecto técnico e un oficial de oficios varios.

3.5. Respecto ao mantemento dos xardíns e espazos exteriores de lecer, o Concello poñerá a disposición xardineiro/s da propia entidade para que manteña as zonas verdes e colabore cos técnicos da Deputación de Lugo na preparación dos mesmos, para facilitar a realización de obradoiros coas persoas usuarias.

3.6. En canto aos aprovisionamentos do centro en materia de alimentación, hixiene e limpeza, cubrirase mediante contratación que deberá ser licitada pola Deputación de Lugo, consonte ao indicado en apartados precedentes, aplicando as medidas de contratación pública estratéxica e primando a calidade e sustentabilidade dos produtos.

En todo caso, a contratación de prestacións relacionadas licitarase conxuntamente, sempre que o permita a lexislación de contratos públicos, coas peculiaridades de seren prestacións directas en favor da cidadanía.

CUARTA.- PARTICIPACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS NO CENTRO DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES.

4.1. Servizos sociais comunitarios municipais.

O Concello aprobou a Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial no Centro de atención a persoas maiores, así como a ordenanza de prezos públicos correspondentes a estes servizos e os regulamentos de funcionamento interno.

4.1.1. Tendo en conta as citadas ordenanzas os servizos sociais comunitarios do Concello estarán obrigados a:

a) Dar cumprimento as citadas ordenanzas, con especial mención á ordenanza de acceso no relativo aos artigos 11, 12, 13, 14, 15, 17 e 22. En todo caso se terá en conta que o órgano competente para efectuar as altas, baixas e variacións nas intensidades dos servizos é municipal, polo que, serán os servizos sociais comunitarios, os responsables desta tramitación, dando traslado das mesmas á dirección do centro e aos servizos sociais da Deputación de Lugo.

b) Realizar tódalas aquelas xestións necesarias para dar cobertura ás necesidades que as persoas usuarias destes servizos requiriran, debido a súa situación socio-sanitaria,

e sexan propias e competencia destes servizos sociais comunitarios, como a tramitación de libranzas vinculadas ao servizo, ou semellantes.

c) Facilitar toda información relativa ao entorno socio-familiar, así como circunstancias económicas e sanitarias, que repercutan no acceso, adaptación e deseño no Proxecto de Atención Individualizada das persoas usuarias.

d) Colaborar na tramitación do empadramento no Concello, daquelas persoas usuarias que teñan a obriga de solicitar a alta no Padrón municipal, no momento da ocupación efectiva da praza.

4.1.2. Os servizos sociais comunitarios terán dereito a:

a) Acceder ao centro sempre que así o estime oportuno, co obxecto de facer as comprobacións que consideren necesarias, así como realizar suxestións de modificacións, melloras, etc., as cales serán estudadas polas comisións pertinentes para ser atendidas, no seu caso

b) Acceder aos expedientes sociais das persoas usuarias, tendo en conta a normativa en protección de datos de carácter persoal vixente.

c) Ser coñecedores de canta información sexa precisa para o desenvolvemento das actuacións e intervencións propias dos servizos sociais comunitarios.

d) Solicitar a colaboración dos servizos sociais provinciais, incluída a dirección do centro.

e) Dispor, sempre que sexa posible, dun espazo no Centro, onde poder realizar funcións propias reguladas nas Ordenanzas, Convenio marco e convenio específico, en relación cos usuarios.

f) Levar a cabo a función recollida na cláusula 13.3 do presente convenio, en relación coa execución do contrato de servizos.

4.2. Servizos sociais provinciais.

4.2.1. Ao abeiro das ordenanzas de acceso aos servizos de atención residencial, dos regulamentos de réxime interno, así como da ordenanza de prezos públicos dos citados servizos, aprobadas por parte do Concello, os servizos sociais da Deputación de Lugo estarán obrigados a:

a) Dar cumprimento ás ordenanzas citadas, con especial mención ao relativo aos artigos 11, 12, 13, 14, 15 e 17 da Ordenanza de acceso, facendo especial fincapé na labor de cooperación e colaboración que debe prestar, cando así se solicite, por parte dos servizos sociais comunitarios.

b) Facilitar toda aquela información relativa as solicitudes, expedientes, etc. das persoas solicitantes e usuarias dos servizos vinculados ao Centro de atención a persoas maiores da maneira mais dilixente posible, establecendo unha canle de comunicación fluída e efectiva entre Deputación e Concello.

c) Remitir, aos servizos sociais do Concello, os expedientes completos coa maior celeridade posible para darlles os trámites correspondentes.

d) Destinar a unha persoa cualificada como responsable-director/a do Centro de atención a persoas maiores, que terá as seguintes responsabilidades, entre outras que se lle podan asignar dende a entidade provincial:

- Dar conta do funcionamento do Centro aos servizos sociais comunitarios e provinciais, remitindo mensualmente o informe de servizos prestados, incidencias, altas, baixas, e calquera outra cuestión que resultara de interese para os servizos sociais.

- Subministrar os datos ao servizo de recadación provincial para emitir os padróns de liquidacións correspondentes aos servizos prestados, dando conta aos servizos sociais comunitarios e provinciais.

- Colaborar co responsable do contrato de servizos: Para elo deberá, entre outras cousas, emitir un informe relativo á facturación que poida derivarse dos servizos, subministracións ou obras prestados ou realizados pola/s entidade/s adxudicataria/s, sinalando expresamente, si estes servizos, subministracións ou obras foron realizados conforme aos criterios de adxudicación, si se axustan tanto en cantidade como en prezo, e polo tanto se é favorable a súa conformidade.

- Actualizar a capacidade económica das persoas, tal e como establece a

Ordenanza de acceso aos servizos de atención a persoas maiores, para que o órgano competente dite resolución establecendo a nova capacidade económica e por ende da participación no custo do servizo.

- Cumprir e facer cumprir o establecido na Ordenanza de acceso, os regulamentos de funcionamento interno, así como aplicar axeitadamente as ordenanzas de prezos públicos no que lle corresponda.

4.2.2. Os servizos sociais provinciais terán dereito a:

a) Acceder ao centro sempre que así o estime oportuno, co obxecto de facer as comprobacións que consideren necesarias, así como facer suxestións de modificacións melloras, etc., as cales serán estudadas polas comisións pertinentes para ser atendidas, no seu caso.

b) Acceder aos expedientes sociais das persoas usuarias, tendo en conta a normativa de protección de datos de carácter persoal vixente.

c) Ser coñecedores de canta información sexa precisa para o desenvolvemento das actuacións intervencións propias dos servizos sociais provinciais.

d) Solicitar a colaboración dos servizos sociais comunitarios.

QUINTA.- COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN (EN DIANTE, CMV).

Segundo recolle a Ordenanza de acceso aos servizos de atención residencial, existirá unha Comisión Mixta de Valoración. Esta CMV:

5.1. Estará composta pola persoa responsable do Centro, un/unha técnico/a dos servizos sociais comunitarios do Concello e un/unha técnico/a de servizos sociais da Deputación de Lugo. A CMV estará presidida polo/a técnico/a municipal.

5.2. Deberá ser convocada periodicamente ou cando as circunstancias así o aconsellen polos servizos sociais comunitarios, procurando, cando menos, unha vez cada dous meses, agás que non existan novas solicitudes que avaliar nin modificacións das existentes.

5.3. As reunións realizaranse preferentemente no Centro de Atención das Persoas Maiores do Concello, posibilitando comprobar in situ, por parte dos técnicos dos servizos sociais, a situación do centro, a cuxo fin a persoa responsable do Centro facilitará esta labor.

5.4. Esta Comisión emitirá un informe no cal se recollerá unha relación de persoas valoradas favorablemente para acceder ao servizo con indicación do servizo solicitado, puntuación obtida na aplicación do BVIN, grao de autonomía no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria e a participación económica no custo do servizo solicitado, establecendo a correspondente orde de prelación. No informe da Comisión tamén constará a relación das solicitudes que non obtiveran a valoración favorable para o acceso ó servizo, con indicación das causas ou circunstancias que deron lugar a esa determinación.

5.5. Para os expedientes tramitados baixo a modalidade excepcional, non é preceptivo o informe da CMV, debendo o Centro Xestor (segundo establece o artigo 11 da Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial serán os servizos sociais comunitarios, cando a persoa solicitante se atope empadroada no Concello de Ribadeo, mentres que o centro xestor serán os servizos sociais da Deputación de Lugo cando a persoa non se atope empadroada no Concello de Ribadeo) informar aos membros da Comisión de dita necesidade de acceso inminente ao servizo mediante esta modalidade.

5.6. Os informes da CMV se emitirán en tres exemplares: un para os servizos sociais comunitarios, outro para os servizos sociais provinciais e outro para a dirección do centro.

5.7. En base ao informe preceptivo e non vinculante da Comisión Mixta de Valoración, ditarase a resolución ou acordo, polo órgano competente designado polo Concello.

SEXTA.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECÍFICA DE SEGUIMENTO DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO, PERIODICIDADE DAS SESIÓNS E SEDE PARA REUNIRSE.

O Convenio marco interadministrativo de cooperación, asinado o 20 de xuño de 2018, prevé unha comisión xeral e unha comisión específica. A comisión xeral desenvolverase segundo o predeterminado nese convenio. A implantación da comisión específica realizase a través deste convenio específico.

6.1. *Funcións da comisión específica: Realizar o seguimento do funcionamento e o desenvolvemento das prestacións propias do Centro de atención a maiores deste Concello de Ribadeo.*

6.2. *Composición: Estará composta por un representante do Concello (Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue) e un representante da Deputación. A maiores, integrarán esta Comisión un/a técnico/a municipal do Concello e un/ha técnico/a da Deputación, con especialización en servizos sociais. Actuará como Secretario/a un/ha funcionario/a do Concello.*

6.3. *Periodicidade das sesións: Trimestral (cláusula 12ª do convenio de 12 de xuño de 2018) sen prexuízo de que calquera das partes poda solicitar unha sesión extraordinaria cando algunha circunstancia excepcional o faga preciso.*

6.4. *Lugar de reunións: Na dependencia administrativa do Centro de Atención a Maiores, sempre que sexa posible.*

6.5. *Presidencia das sesións e voto de calidade: Presidirá o Alcalde do municipio, que terá voto de calidade.*

6.6. *Esta Comisión terá, ademais, as funcións previstas no artigo 49 letra f da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no tocante ás cuestións de interpretación e cumprimento que se plantexen respecto deste convenio.*

6.7. *O réxime de funcionamento axustarase ao establecido nos artigos 15 a 18, ambos inclusive, sobre réxime de funcionamento de órganos colexiados, da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público.*

SÉTIMA.- SOBRE AS PRESTACIÓNS ESPECÍFICAS DO CONCELLO DE RIBADEO.

O Convenio marco interadministrativo, subscrito o 20 de xuño de 2018, determinou, na súa cláusula 5.2 apartado 7º, o compromiso do Concello de executar as tarefas de colaboración material que se determinen en convenio específico, entre as que se poderán incluír: Asumir os custos do abastecemento de auga, recollida de lixo e saneamento e mantemento de xardíns, limpeza e semellantes.

En execución desta previsión, o Concello de Ribadeo executará, durante a vixencia deste convenio específico e para unha adecuada prestación directa e por vía de cooperación interadministrativa, pola súa conta, as seguintes tarefas de carácter material:

7.1. *O abastecemento de auga, saneamento e recollida de lixo.*

7.2. *En relación ao mantemento do centro, establécense estes dous niveis:*

- *Actuacións identificadas como de baixa incidencia (arranxos ou actuacións de mantemento do edificio que teñan sinxeleza técnica e escasa entidade construtiva ou económica, a título de exemplo, un goteo dunha billa, substitución de bombillas, e outras actuacións ou tarefas sinxelas que non requiran especial cualificación e non superen a cifra de 500 euros por actuación: O Concello será o competente para realizalas, ben a través de persoal propio, ben a través de servizos externos, obrigándose a determinar unha persoa de contacto do seu cadro de persoal, encargada de atender as solicitudes do Centro.*

- *Resto de intervencións: a Deputación de Lugo contará con persoal cualificado no seu cadro de persoal para levar a cabo as actuacións que non sexan*

levadas a cabo polo Concello, establecéndose, inicialmente, un arquitecto técnico e un oficial de oficios varios.

7.3. En relación ao mantemento dos xardíns e espazos exteriores de lecer, o Concello poñerá a disposición xardineiro/s da propia entidade para o mantemento destas zonas verdes, así como colaborarán cos técnicos da Deputación de Lugo na preparación deses espazos a fin de facilitar a realización de obradoiros coas persoas usuarias.

7.4. O Concello garantirá a accesibilidade na contorna do Centro co obxectivo de facilitar a autonomía e mobilidade dos usuarios.

7.5. Como cláusula de peche do sistema, entenderase que aqueles servizos ou subministracións (enerxía eléctrica, gas, etc.) que non se recollen nos apartados anteriores e xeren gasto, serán asumidos pola Deputación ou ben polo Concello e integrados no cálculo do custo total do servizo, a que se refire o Convenio marco asinado o 20 de xuño de 2018, nos termos acordados en dito Convenio. A determinación da entidade, en concreto, á que corresponde inicialmente facerlle fronte a cada tipo de gasto, será proposta pola Comisión específica de seguimento do funcionamento do centro, nunha primeira reunión, para aqueles gastos dos que xa se teña coñecemento no momento de apertura do centro, e, nas seguintes reunións, para aqueles gastos que vaian xurdindo durante o desenvolvemento dos servizos, con suxeición a dito Convenio. Deberá ser aprobado polo órgano competente da entidade proposta para facer fronte ao gasto.

OITAVA.- SISTEMA DE RECADACIÓN DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DERIVADOS DAS PRESTACIÓNS DE SERVIZOS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL.

8.1. A Deputación Provincial asume a xestión e recadación, en todas as fases e procedementos a aplicar, dos ingresos de dereito público derivados da aplicación das Ordenanzas reguladoras dos prezos públicos pola prestación dos servizos de atención residencial.

8.2. A Deputación non aplicará ningunha recarga ou comisión ao Concello na xestión e recadación deste ingreso de dereito público.

8.3. Os ingresos obtidos aplicaranse pola Deputación Provincial ao pagamento dos custes da prestación dos servizos de atención a maiores, en execución deste sistema de cooperación interadministrativa, de acordo co recollido no Convenio asinado o 20 de xuño de 2018 e o presente.

8.4. O Concello delega na Deputación Provincial a xestión e recadación, en tódalas fases e procedementos a aplicar, dos ingresos de dereito público derivados da aplicación das citadas Ordenanzas.

8.5. O Concello prestará colaboración, facilitando, conforme ao ordenamento xurídico, a información e antecedentes de que dispoña para a xestión e recadación dos ingresos de dereito público procedentes da aplicación de ditas Ordenanzas.

8.6. A xestión e recadación deste ingreso de dereito público axustarase ás determinacións das Ordenanzas reguladoras dos prezos públicos pola prestación do servizo de atención residencial e pola prestación do servizo de atención diúrna aprobadas polo Concello de Ribadeo, da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección da Deputación Provincial de Lugo e das Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público. En todo caso, o réxime de compensación previsto na súa base décima non se aplicará neste suposto de prestación de servizos por vía de cooperación interadministrativa.

NOVENA.- RÉXIME ECONÓMICO APLICABLE AOS USUARIOS QUE NON RESIDAN NO MUNICIPIO DE RIBADEO.

Para a atención residencial, modalidade ordinaria: A Deputación financiará a diferenza entre o coste efectivo e o prezo público a pagar polo usuario ata que o usuario conste como empadroadado no Concello sede, tendo en conta a obriga de solicitar alta no Padrón municipal de habitantes do Concello sede nun prazo máximo de 10 días, establecida no artigo 15 da Ordenanza reguladora de acceso ao servizo de atención residencial.

DÉCIMA.- SOBRE A ADSCRICIÓN DE BENS Á PRESTACIÓN COMPARTIDA (RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN) DE ACTIVIDADES DO CENTRO.

O Concello de Ribadeo adscribe, sen mudar a titularidade, á prestación de servizos sociais na modalidade de actividade de atención residencial, a parcela catastral con referencias 7525003PJ5272N0001DO, 7525003PJ5272N0001XO e 7525003PJ5272N0001IO e a edificación construída e nomeada como Centro de atención a persoas maiores do Concello de Ribadeo, inscrita no Inventario municipal.

Dita adscripción efectúase polo prazo de catro anos, contados desde a sinatura do convenio interadministrativo de cooperación suscrito na data do 20 de xuño do 2018, isto é, ata o 20 de xuño do 2022.

Á súa vez, para o cumprimento da finalidade prestacional á que se adscribe o inmovible, o Concello tramitará e concederá, pola súa conta, no caso de ser necesarias, as autorizacións para a ocupación da edificación e desenvolvemento da actividade de atención a persoas maiores que sexan de competencia municipal. A Deputación aportará a documentación técnica necesaria para emitir as autorizacións da súa competencia.

UNDÉCIMA.- A TITULARIDADE COMPARTIDA DA AUTORIZACIÓN PARA O INICIO DE ACTIVIDADE (PERMISO DE INICIO DE ACTIVIDADE).

Ao abeiro do establecido nos artigos 64 bis da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, en canto a colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en relación ao réxime de intervención administrativa fixado no seu artigo 68; e, no marco da cooperación interadministrativa priorizada no artigo 57 da Lei de bases de réxime local, en relación co artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes asumen: Que a titularidade das autorizacións de inicio de actividades concedidas, tanto para a residencia como para o centro de día, sexa compartida.

Deputación e Concello comunicarán, no prazo máximo de quince días desde a sinatura deste convenio, aos órganos competentes da Xunta de Galicia, en escrito asinado polos respectivos representantes legais, que os títulos administrativos concedidos para o inicio de actividade sexan considerados de titularidade compartida durante a vixencia do convenio interadministrativo de cooperación, suscrito entre ambas entidades locais o 20 de xuño de 2018 e cunha duración de catro anos, conforme ao sistema establecido de cooperación interadministrativa para a prestación de servizos sociais no Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo.

DECIMOSEGUNDA.- RÉXIME DE SEGUROS.

12.1. O Concello de Ribadeo comprométese a manter a súa costa unha póliza xeral de danos materiais das edificacións e instalacións adscritas ás prestacións, así como unha póliza de responsabilidade civil para as actividades que o seu persoal realice no Centro.

12.2. A Deputación de Lugo comprométese a manter a súa costa unha póliza de responsabilidade civil para as actividades que o seu persoal realice no Centro, así como unha póliza de accidentes dos usuarios e a esixir nos pregos de condicións que rexan a contratación administrativa coas empresas prestadoras de servizos, os seguros correspondentes.

Aportaranse certificados de ditas pólizas, así como das pólizas correspondentes das empresas que presten servizos no Centro, antes do inicio da actividade.

DECIMOTERCEIRA.- CONTRATOS DE SERVICIOS.

13.1. Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e o Concello, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, sen que o risco da prestación do servizo, por razóns de eficiencia e de carácter fiscal, sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas a dereito privado.

A prestación de servizos de atención a persoas maiores, como sistema de xestión directa neste escenario de cooperación interadministrativa (Concello-Deputación), esixe que determinadas prestacións se executen mediante contratos de servizos, suxeitos a lexislación de contratos do sector público. En ningún caso se poderán celebrar contratos que supoñan xestión indirecta, como o contrato de concesión de obras ou de servizos.

13.2. Nas mesas de contratación dos procedementos de licitación que se constitúan aos efectos do apartado precedente, poderá participar un/ha funcionario/a público/a ou traballador/a laboral fixo/a proposto/a polo Concello, co seu substituto/a.

13.3. Nos pregos de cláusulas administrativas do respectivo procedemento contractual, designarase un responsable do contrato.

Son funcións do responsable do contrato as que se fixen no correspondente prego de cláusulas administrativas, consonte ao previsto no artigo 62 da LCSP. Inclúese, no prego, a función de informar as facturas a pagar aos correspondentes prestadores de servizos. Para o pagamento de tales facturas inclúese un informe previo do responsable do centro sobre a correcta execución das prestacións.

O responsable do contrato será asistido por unha comisión técnica de apoio, integrada por tres persoas, unha das cales será designada polo Concello.

No caso de que os servizos sociais comunitarios, no exercicio das súas funcións, teñan coñecemento de situacións ou circunstancias relativas á execución do contrato de servizos que se estime necesario poñer en coñecemento da entidade prestadora, terán a facultade de facelo a través do responsable do contrato.

DECIMOCUARTA.- SOBRE A LIQUIDACIÓN DOS CONVENIOS DE FINANCIAMENTO

Os convenios canalizadores de subvencións excepcionais e o convenio de colaboración administrativa dispoñen das súas respectivas contas xustificativas, dando por cumpridos os seus obxectivos e fins.

DECIMOQUINTA.- DURACIÓN DESTE CONVENIO ESPECÍFICO.

A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve.

En todo caso, a súa duración máxima establécese en catro anos, contados desde a sinatura do convenio marco interadministrativo, formalizado entre as partes o día 20 de xuño do 2018, sen prexuízo das determinacións establecidas no artigo 49 letra h da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DECIMOSEXTA.- SOBRE A APLICACIÓN DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO.

No non previsto neste convenio, aplicaranse as determinacións do convenio marco interadministrativo de cooperación ao que desenvolve. Singularmente, nos títulos competenciais e réxime económico, consecuencias aplicables aos incumprimentos das respectivas obrigas, mecanismos de seguimento e réxime de vixilancia, réxime de modificación e extinción, natureza xurídica.

Este convenio específico inxírese no espectro do réxime xurídico para a prestación do servizo, tramitado e aprobado polo Concello, respectando a normativa legal e regulamentaria de aplicación.

DECIMOSÉTIMA.- As partes reclamarán ante os órganos competentes da Xunta de Galicia, no prazo máximo de quince días desde a sinatura deste convenio, en documento asinado polos respectivos representantes legais, o financiamento para o custe das prazas, así coma dotar ao Centro de transporte adaptado, en aplicación do artigo 64 bis e concordantes da Lei de servizos sociais de Galicia.

No caso de que exista este financiamento reducirase de xeito porcentual a achega de cada

unha das administracións que participen.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este solo efecto, no lugar e data "ut supra", con un exemplar para cada unha das partes.

O Presidente da Deputación de Lugo

O Alcalde de Ribadeo

Promovida deliberación o Sr.Alcalde cede a palabra ao Secretario que sinala que se trata dun convenio bilateral coa deputación de Lugo, específico en desenvolvemento do Convenio marco existente e para a xestión do Centro de Ribadeo. Indica qes e trata dun expediente complexo e sinala que se precisa da maioría absoluta para a súa aprobación.

Por parte da concelleira do PSG_PSOE Sra. González Ginzo maniféstase que entende que non está subsanado o xa apuntado en anteriores ocasións respecto do punto 4 apartado 6 en rleación co que se decía no Convenio Marco e que quedou en solucionarse neste outro Convenio específico, polo que mostra o seu desacordo.

O Sr.Alcalde toma a palabra para aclarar o asunto sinalando que lle gustaría que seguise adiante coa unanimidade corporativa como ata de agora.

Rematada a deliberación, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de aprobación do Convenio específico referido nos termos sinalados.

Interven a concelleira Dona Aurora González Ginzo do Grupo municipal socialista que previamente repartiu a todos os membros da Corporación unhos documentos que conteñen certificación do acordo plenario do Concello de 23/03/2018, proposta da Presidencia da Deputacion de Lugo e certificación do acordo da Xunta de Goberno de Deputacion de Lugo así como certificación do acordo plenario do Concello de Ribadeo de 24 de maio de 2018, todo elo en extracto.

O fin desta documentación segundo sinala a Concelleira no uso da palabra é comprobar que o convenio específico que agora se pretende aprobar recolle novamente os puntos 5 e 6 reativos a importes fixados como máximo e aportación que debería asumir o usuario no caso de desestimento dalgunha administración de xeito unilateral. Reitera que eses puntos deberían estar suprimidos como quedaron no acordo da Xunta de Goberno da Deputación aínda que logo volveron a aparecer e agora novamente no Convenio específico.

Por todo o anterior pide que se explique como é isto e cal é a versión que verdaderamente se aproba.

Intervén tanto o Sr.Alcalde como o Secretario municipal e o Interventor que sinalan, en síntese, as discrepancias que poden existir entre os acordos de aprobación respecto dos puntos citados e outros que poden diferir cos acordos da Deputación, pero a preguntas da Sra.Concelleira de cal sería o texto válido sinalase que os puntos van recollidos aínda que sexa por repetición e este texto sería o válido.

Rematada a deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao Convenio específico definitivo para a xestión do centro de atención a maiores de Ribadeo, tal e como se recolle anteriormente.

5.-EXPEDIENTE NÚMERO 2673/2018 RELATIVO A ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBADEO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA-FEGAMP-SEAGA PARA A XESTIÓN DA BIOMASA EN REDES SECUNDARIAS.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 18 de outubro de 2018 nos seguintes termos:

DITAME: Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA

Visto expediente tramitado para adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre a xunta de Galicia, a fegamp e seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Vistos informes que obran no expediente,

ESTA ALCALDIA,

PROPÓN ao Pleno Municipal previo ditame da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adherirse ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2º Facultar á Alcaldía-Presidencia para realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de aprobación do Convenio de colaboración de referencia nos seus propios termos.”

A Corporación, en votación ordinaria por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame transcrito anteriormente.

6.-EXPEDIENTE NÚM. 3156/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 25/2018.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 18/10/2018 que se transcribe:

DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 25/2018 do Orzamento Xeral de 2018 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Memoria de Alcaldía de inicio de data 11/10/2018 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente, e a circunstancia de que o gasto no se pode demorar ata o exercicio seguinte, posto que en todos os casos se trata de necesidades perentorias que responden a situacións que afectan á seguridade pública ou á correcta prestación de servizos públicos esenciais, coas seguintes finalidades:

Aplicación 920.22604, a existencia de múltiples contenciosos coa empresa VIAQUA SA que se resolveron de xeito desfavorable para o concello, fixo que se empregara a través da vinculación xurídica unha parte importante do crédito da bolsa nesta finalidade, o que pode impedir que o gasto corrente das áreas de administración xeral e administración económica da última parte do exercicio sexa imputado ao orzamento. Aínda que a desviación foi corrixida en parte no expediente de modificación 24/2018 é preciso incrementar o crédito novamente.

Aplicación 920.22706, foron encargados traballos técnicos que non se prevían inicialmente ao elaborar o orzamento pero que resultaron imprescindibles. En concreto un CONTRATO DE SERVICIOS NUMERACIÓN DE EDIFICIOS E PLANIMETRÍA e un Servizo de asistencia técnica integral e especializada apoio servizos técnicos municipais que axudará á elaboración de pregos técnicos adaptados á nova lei de contratos.

Aplicación 920.62200, no caso das inversións na casa consistorial, preveuse a achega económica de fondos propios que tiña que realizar o concello para unha actuación financiada pola Deputación de Lugo para o pintado da fachada e adecuación das fiestras externas, pero non se recolleron outras adaptacións interiores de reforma de despachos e dependencias que é preciso realizar.

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €), e finánciase con transferencias doutras aplicacións de distinta área de gasto, en concreto a 1532.61900, cuxa consignación dispoñible corresponde ao resto de adxudicación de obras como a da Rúa San Roque ou Avenida Ría de Ribadeo con baixa sobre o prezo de licitación, e que en principio non vai ser empregada ata o remate do exercicio.

Visto o informe de Intervención emitido o día 15/10/2018 e considerando, malia o alí exposto, relativo ao posible incumprimento da estabilidade e/ou da regra de gasto, que as actuacións que se conteñen na modificación son necesarias e imprescindibles polos motivos xa expostos, e que, de darse o caso de incumprir serán adoptadas todas as medidas precisas para volver como non pode ser doutro xeito a situarse dentro parámetros da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Considerando ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 170, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de transferencias de crédito
- Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o

Regulamento Orzamentario e as Bases de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2018.

De conformidade co exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 25/2018 de modificación do Orzamento Xeral de 2018 por importe de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €), na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

Altas en aplicacións de gastos

ESTADO DE GASTOS				
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
920.22604	Administración xeral. Xurídicos, contenciosos	55.828,85	30.000,00	85.828,85
920.22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	19.500,00	10.000,00	29.500,00
920.62200	Administración xeral. Edificios e outras construcións	50.000,00	15.000,00	65.000,00
Total expediente de modificación de créditos 25/2018				55.000,00

Baixas en aplicacións de gastos

ESTADO DE GASTOS				
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
1532.61900	Pavimentación de vías públicas. Outras inversións de reposición	838.552,13	-55.000,00	783.552,13
Total expediente de modificación de créditos 25/2018				-55.000,00

SEGUNDO. - Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Formúlase unha breve explicación por parte do Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa.

A Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e C´ds) e unha abstención do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

O Concelleiro delegado de Economía e Facenda explica brevemente en que consiste o presente expediente de modificación de crédito.

A Concelleira do Grupo Socialista pregunta como está o asunto coa empresa concesionaria de augas VIAQUA e tamén pola cuestión relativa á necesidade de contratación de servizos para realizar pregos de condicións, dándose unha explicación resumida polo Sr. Interventor a instancia da Alcaldía respecto da cuestión de VIAQUA e por parte do Sr. Alcalde sobre a cuestión da contratación de pregos de cláusulas técnicas para os diferentes servizos que se pretenden contratar en diferentes áreas.

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

7.-EXPEDIENTE NÚM. 3168/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 26/2018.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 18/10/2018 que se transcribe:

DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 26/2018 do Orzamento Xeral do exercicio 2018 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- *Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 15/10/2018 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2018, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nestas provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente e que se sinalan a continuación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
----------	----------	---------

VIESGO ENERGIA, S.L.	Subministro eléctrico Pavillón, fra. 21160618 de 03.05.2016, R.E. 08,06,2016.	288,31 €
SACAUNTOS S. COOP. GALEGA	Deslocamento Eli Rios e María Lado, feira do libro, fra. UR222 de 02.10.2017, R.E. 02.01.2018.	171,38 €
TIVER PERFUMERIAS,S.L.	Productos de limpeza para o auditorio, fra. 395/2017, R.E. 05.01.2018.	2,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis La Xacara, fra. FA00585 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Odisea, fra. FA00586 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis O que hai que facer para..., fra. FA00587 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ribadensario, fra. FA00588 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Soños gastronómicos, fra. FA00589 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	145,20 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Concerto de Swing, fra. FA00590 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Día das Letras Galegas, fra. FA00591 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	84,70 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Juana, fra. FA00592 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	72,60 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Sonrock, fra. FA00593 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	84,70 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Festival de habaneras, fra. FA00594 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	72,60 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Xogara, fra. FA00595 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Unha mirada de antaño, fra. FA00596 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Publicidade turística especial aniv. La Voz de Galicia, fra. FA00617 de 09.10.2017, R.E. 07.02.2018.	968,00 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Teatro o que hai que ver o volver,	48,40 €

	fra. FA00669 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Foucellas, fra. FA00670 de 29.12.2017, R.E. 29.12.2018.	66,55 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Tempo escuro, fra. FA00671 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	66,55 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Manaweez, fra. FA00672 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ghazafellos, fra. FA00673 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	66,55 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis festival de panxoliñas, fra. FA00674 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Pistacatro, fra. FA00675 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Pinocho, fra. FA00676 de 29.12.2017, R.E. 29.12.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Mercado de Nadal, fra. FA00678 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	484,00 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ribadeo Indiano, fra. FA00679 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	450,12 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ribadeo de Tapeo 17, fra. FA00680 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	474,93 €
PORCILLAN HOSTELERIA,S.L.	Picoteo coches clásicos xuño, fra.TB001/17 de 26.12.2017, R.E. 07.02.2018.	297,77 €
CONCORCIO GALEGO DE SERIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	Xantar na casa 4º trimestre 2017, liquidación 1002 de 29.12.2017, R.E. 05.03.2018.	4.200,05 €
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PONTE DOS SANTOS	Gastos comunidade vivenda tutelada 4º trimestre 2017, fra. 18/4-2017 de 01.12.2017, R.E. 08.03.2018.	215,84 €
BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA,S.L.U.	Análisis microbiolóxicos praias, fra. 1152/17 de 26.09.2017, R.E. 23.03.2018.	75,58 €
BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA,S.L.U.	Análisis físico-químico depuradoras, fra. 1153/17 de 26.09.2017, R.E. 23.03.2018.	1.058,75 €
IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministros diversos departamentos, fra.36.911 de 15.11.2017, R.E. 26.03.2018.	227,07 €

IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministros diversos departamentos, fra.38.709 de 30.11.2017, R.E. 26.03.2018.	325,03 €
IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministros diversos departamentos, fra.40.497 de 15.12.2017, R.E. 26.03.2018.	143,37 €
BALBINO CASTRO DOCOBO	Aluguer terreo aparcadoiro xullo,agosto e setembro As Catedrais, fra. 1 de 30.09.2017, R.E. 26.03.2018.	299,78 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia agosto 2016, fra. 2901023493 de 16.09.2016, R.E. 02.07.2018.	215,25 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia novembro 2016, fra. 2901025729 de 13.12.2016, R.E. 02.07.2018.	288,75 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia xuño 2017, fra. 2901030299 de 06.07.2017, R.E. 02.07.2018.	232,35 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia xullo 2017, fra. 2901031042 de 08.08.2017, R.E. 02.07.2018.	196,50 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia agosto 2017, fra. 2901031886 de 22.09.2017, R.E. 02.07.2018.	197,10 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo obras, fra. FE-102 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	64,26 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-103 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	242,73 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-104 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	160,69 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-398 de 16.03.2017, R.E. 16,07.2018.	36,30 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-1222 de 26.07.2017, R.E. 16,07.2018.	2.772,53 €
RADIO POPULAR,S.A.	Publicidade libro 50 aniversario de Cope Galicia, fra. 0420200856 de 30.11.2017, R.E. 26.09.2018.	363,00 €
		15.752,69 €

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de quince mil setecentos cincuenta e dous euros e sesenta e nove céntimos (15.752,69 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da

liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2018.

Visto o informe de Intervención emitido o día 15/10/2018 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 26/2018 de modificación do Orzamento Xeral de 2018 por importe de quince mil setecentos cincuenta e dous euros e sesenta e nove céntimos (15.752,69 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 26 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

APLICACIÓNS DE GASTOS AFECTADAS.

APLICACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
132.21400	4.000,00	3.212,25	7.212,25
133.20000	4.000,00	299,78	4.299,78
153.21400	15.000,00	64,26	15.064,26
153.22199	34.627,45	270,51	34.897,96
165.22100	200.000,00	288,31	200.288,31
170.22706	16.000,00	1.134,33	17.134,33
231.22300	4.000,00	1.129,95	5.129,95

231.22699	1.600,00	215,84	1.815,84
231.22799	20.000,00	4.200,05	24.200,05
312.21200	4.302,50	83,81	4.386,31
323.21200	4.048,12	108,53	4.156,65
334.21200	3.143,92	2,50	3.146,42
334.22609	72.312,25	1.278,53	73.590,78
337.22699	71.329,48	48,40	71.377,88
342.21200	12.874,29	218,31	13.092,60
431.22610	5.919,90	484,00	6.403,90
432.21200	1.079,68	14,31	1.093,99
432.22625	12.000,00	620,13	12.620,13
432.22627	29.500,00	450,12	29.950,12
912.22601	8.449,97	297,77	8.747,74
920.22602	6.242,00	1.331,00	7.573,00
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 26/2018			15.752,69

– **FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE**

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	991.884,58	15.752,69	1.013.653,27
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 26/2018			15.752,69

SEGUNDO. – *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderáse que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Formúlase unha breve explicación por parte do Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa.

A Comisión Informativa por oit votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e C’s) e unha abstención do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

Tras breve deliberación, a Corporación, en votación ordinaria, por quince votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PP e C’s) e dúas abstencións dos membros do Grupo municipal socialista,acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

8.-EXPEDIENTE NÚM. 3165/2018 RELATIVO A RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2018.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 18/10/2018 ques e transcribe:

DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2018:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2018	Importe REC 02/2018
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	446.212,88	5.269,44
2.2	Actuacións de protección e promoción social.	12.619,96	5.545,84

	Gastos en bens correntes e de servizos		
3.2	Produción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	77.629,36	1.740,08
4.2	Actuacións de carácter económico. Gastos en bens correntes e de servizos	25.807,14	1.568,56
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos	41.076,52	1.628,77
TOTAL REC 02/2018			15.752,69

Considerando que se está a tramitar en paralelo a este expediente a modificación de crédito 26/2018, financiada con remanente de tesourería, para dar cobertura ao crédito preciso na e non sobrecargar o orzamento do ano

Visto e considerando o informe con reparos nº 149/2018 emitido polo Interventor Municipal de data 15/10/2018

Vistos os informes dos distintos órganos xestores afectados e áreas do concello emitidos no trámite de resolución de discrepancias que constan no expediente, manifestando a necesidade de continuar coa prestación por tratarse de servizos imprescindibles mentres non teña lugar a oportuna licitación

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade, os seus importes se axustan ao pactado e/ou ao mercado, ou ben se corresponden con acordos recollidos en contratos asinados polo concello, e non aprobalos suporía un enriquecemento inxusto.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe nº 149/2018 de 15/10/2018

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **15.752,69 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente, aplicando con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2018 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 47/2018:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
----------	----------	---------

VIESGO ENERGIA, S.L.	Subministro eléctrico Pavillón, fra. 21160618 de 03.05.2016, R.E. 08.06.2016.	288,31 €
SACAUNTOS S. COOP. GALEGA	Deslocamento Eli Rios e María Lado, feira do libro, fra. UR222 de 02.10.2017, R.E. 02.01.2018.	171,38 €
TIVER PERFUMERIAS, S.L.	Productos de limpeza para o auditorio, fra. 395/2017, R.E. 05.01.2018.	2,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis La Xacara, fra. FA00585 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Odisea, fra. FA00586 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis O que hai que facer para..., fra. FA00587 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Ribadensario, fra. FA00588 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Soños gastronómicos, fra. FA00589 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	145,20 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Concerto de Swing, fra. FA00590 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Día das Letras Galegas, fra. FA00591 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	84,70 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Juana, fra. FA00592 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	72,60 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Sonrock, fra. FA00593 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	84,70 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Festival de habaneras, fra. FA00594 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	72,60 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Xogara, fra. FA00595 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Unha mirada de antaño, fra. FA00596 de 04.09.2017, R.E. 07.02.2018.	60,50 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Publicidade turística especial aniv. La Voz de Galicia, fra. FA00617 de 09.10.2017, R.E. 07.02.2018.	968,00 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Teatro o que hai que ver o volver, fra. FA00669 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO, S.L.	Pegada carteis Foucellas, fra. FA00670 de 29.12.2017, R.E. 29.12.2018.	66,55 €

ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Tempo escuro, fra. FA00671 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	66,55 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Manaweez, fra. FA00672 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ghazafelios, fra. FA00673 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	66,55 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis festival de panxoliñas, fra. FA00674 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Pistacatro, fra. FA00675 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Pinocho, fra. FA00676 de 29.12.2017, R.E. 29.12.2018.	48,40 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Mercado de Nadal, fra. FA00678 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	484,00 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ribadeo Indiano, fra. FA00679 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	450,12 €
ASORDE CANTÁBRICO,S.L.	Pegada carteis Ribadeo de Tapeo 17, fra. FA00680 de 29.12.2017, R.E. 07.02.2018.	474,93 €
PORCILLAN HOSTELERIA,S.L.	Picoteo coches clásicos xuño, fra. TB001/17 de 26.12.2017, R.E. 07.02.2018.	297,77 €
CONCORCIO GALEGO DE SERIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	Xantar na casa 4º trimestre 2017, liquidación 1002 de 29.12.2017, R.E. 05.03.2018.	4.200,05 €
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PONTE DOS SANTOS	Gastos comunidade vivenda tutelada 4º trimestre 2017, fra. 18/4-2017 de 01.12.2017, R.E. 08.03.2018.	215,84 €
BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA,S.L.U.	Análisis microbiolóxicos praias, fra. 1152/17 de 26.09.2017, R.E. 23.03.2018.	75,58 €
BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA,S.L.U.	Análisis físico-químico depuradoras, fra. 1153/17 de 26.09.2017, R.E. 23.03.2018.	1.058,75 €
IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministros diversos departamentos, fra.36.911 de 15.11.2017, R.E. 26.03.2018.	227,07 €
IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministros diversos departamentos, fra.38.709 de 30.11.2017, R.E. 26.03.2018.	325,03 €

IBÉRICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministrados diversos departamentos, fra.40.497 de 15.12.2017, R.E. 26.03.2018.	143,37 €
BALBINO CASTRO DOCOBO	Aluguer terreo aparcadoiro xullo, agosto e setembro As Catedrais, fra. 1 de 30.09.2017, R.E. 26.03.2018.	299,78 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia agosto 2016, fra. 2901023493 de 16.09.2016, R.E. 02.07.2018.	215,25 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia novembro 2016, fra. 2901025729 de 13.12.2016, R.E. 02.07.2018.	288,75 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia xuño 2017, fra. 2901030299 de 06.07.2017, R.E. 02.07.2018.	232,35 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia xullo 2017, fra. 2901031042 de 08.08.2017, R.E. 02.07.2018.	196,50 €
RENFE VIAJEROS,S.A.	Vales Ribadeo-Burela drogodependencia agosto 2017, fra. 2901031886 de 22.09.2017, R.E. 02.07.2018.	197,10 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo obras, fra. FE-102 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	64,26 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-103 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	242,73 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-104 de 23.01.2017, R.E. 16,07.2018.	160,69 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-398 de 16.03.2017, R.E. 16,07.2018.	36,30 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación vehículo policía local, fra. FE-1222 de 26.07.2017, R.E. 16,07.2018.	2.772,53 €
RADIO POPULAR,S.A.	Publicidade libro 50 aniversario de Cope Galicia, fra. 0420200856 de 30.11.2017, R.E. 26.09.2018.	363,00 €
		15.752,69 €

A Comisión Informativa por oit votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e C' ds) e unha abstención do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

Tras breve deliberación, a Corporación, en votación ordinaria, por quince votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PP e C's) e dúas abstencións dos membros do Grupo municipal socialista, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

9.- EXPEDIENTE Nº 3030/2018 RELATIVO Á FIXACIÓN DOS DOUS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 18 de outubro de 2018 que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Vista a necesidade de fixar **2 días festivos locais** para o ano 2019 co obxecto de elaborar pola Consellería de Emprego e Industria o calendario laboral correspondente.

Esta Alcaldía

PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción de acordo seguinte:

Fixar como **festivos locais para o ano 2019** os días seguintes:

5 de marzo de 2019, martes de Carnaval

16 de agosto de 2019, (venres) festividade de San Roque (co-patrón de Ribadeo).

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame transcrito anteriormente nos seus propios termos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e trinta minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE